



Fernando Pérez Fernández, alcalde do concello de Vilasantar, na data da sinatura dixital, en presenza da secretaria de dito concello, emito o seguinte decreto:

ASUNTO: APROBACIÓN LISTA DEFINITIVA DE ADMITIDOS E EXCLUÍDOS. NOMEAMENTO TRIBUNAL E CONVOCATORIA DE EXAMEN. CONVOCATORIA E BASES PROCESO SELECTIVO PERSOAL LABORAL TEMPORAL. PEL CONCELLOS 2025.

EXPEDIENTE: 2025/G003/000204 (Decretos).

EXPEDIENTE: 2025/A008/000034 (Subvencións).

EXPEDIENTE: 2025/E001/000001 (Convocatoria Selección Persoal)

Vista a necesidade de adoptar unha resolución sobre o procedemento a que se refire este decreto en aras dos principios de eficacia e celeridade administrativa recollidos na Lei 39/2015 de 1 de outubro de procedemento administrativo común das administracións públicas e na Lei 40/2015 de 1 de outubro de réxime xurídico do sector público.

Visto que mediante o decreto de alcaldía 158/2025, de 14 de Maio de 2025, se aprobaron as bases e convocatoria para a selección de persoal laboral temporal e bolsa de traballo para dous peóns para a realización de obras e servizos municipais, financiado pola Deputación Provincial da Coruña, a través do programa PEL Concellos 2025.

Visto que ditas bases e convocatoria foron publicadas na páxina web, taboleiro de anuncios e portal de transparencia deste concello así como no Boletín Oficial da Provincia da Coruña.

Vista que a última publicación das bases e da convocatoria realizouse en dito boletín con data de 21 de Maio de 2025, iniciándose un prazo de dez días naturais para a inscrición de solicitudes para formar parte do proceso selectivo.

Examinadas as solicitudes presentadas e dacordo coas atribucións que me confire o artigo 21.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril reguladora das Bases do Réxime Local, **Resolvo:**

PRIMEIRO.- Admitir de forma definitiva ós aspirantes presentados que se relacionan a continuación ó proceso selectivo para a selección de persoal laboral temporal e bolsa de traballo para dous peóns para a realización de obras e servizos municipais, financiado pola Deputación Provincial da Coruña, a través do programa PEL Concellos 2025, publicándose no taboleiro de anuncios, na páxina web municipal así como no portal de transparencia do Concello de Vilasantar.



ADMITIDOS

Nº DE REXISTRO	DNI	APELIDOS E NOME
202500000000353	7651****F	Carlos Iglesias Vazquez
202500000000362	3326****N	Juan Vazquez Astray
202500000000362	0936****R	José Eladio García Pedrero
202500000000384	3266****E	Juan Francisco García Ramos
202300000000371	4609****Q	Alberto Manuel Lopes

SEGUNDO.- Excluir de forma definitiva ós aspirantes presentados que se relacionan a continuación, ó proceso selectivo para a selección de persoal laboral temporal e bolsa de traballo para dous peóns para a realización de obras e servizos municipais, financiado pola Deputación Provincial da Coruña, a través do programa PEL Concellos 2025, publicándose no taboleiro de anuncios, na páxina web municipal así como no portal de transparencia do Concello de Vilasantar.

EXCLUÍDOS:

Nº DE REXISTRO	DNI	APELIDOS E NOME	MOTIVOS EXCLUSIÓN
202500000000379	2062****V	Gabriel García Mosquera	Por non acreditar os requisitos segundo se recollen no apartado 5 e) das Bases Pel Concellos 2025 do Concello de Vilasantar.

TERCEIRO.- Nomear o tribunal encargado da selección que estará integrado por:

Presidente: Alberto Labandeira Fontecoba, Peón de mantemento do Concello de Vilasantar.

Suplente: José Manuel Boado Sánchez, Peón tractorista do Concello de Vilasantar.

Secretaria: María Trinidad Veiras Freire, Tecnico de cultura e información xuvenil do Concello de Vilasantar

Suplente: M.^a Isabel Novo López, Administrativa do Concello de Vilasantar.

Vogal: Salvador García Quintela, Peón de mantemento do Concello de Vilasantar.

Suplente: David Novo Mato, Peón tractorista do Concello de Vilasantar.

Vogal: Mercedes Costoya Cortés, Auxiliar Administrativo do Concello de Vilasantar.

Suplente: Aida Bello Mirás, Axente TIC do Concello de Vilasantar



CONCELLO DE VILASANTAR
R/ Ru, s/n, Vilasantar, 15807, Vilasantar, A Coruña
correo@vilasantar.gal www.vilasantar.gal 981 778 169



Vogal: Ana Belén Vazquez Garea, Técnico de intervención familiar do Concello de Vilasantar.

Suplente: Elisabeth Rodriguez López, Técnico en Animación de Actividades deportivas do Concello de Vilasantar.

CUARTO.- Convocar ós candidatos admitidos o día 18/06/2024 ás 12.30 horas para a realización do proceso selectivo.

QUINTO.- Dar traslado do presente acordo ós servizos municipais responsables da súa tramitación.

SEXTO.- Informar ao Pleno da corporación da presente resolución, de conformidade co establecido no artigo 42 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro.

Mándao e asíno a súa señoría O Alcalde, e ordena darlle traslado ó departamento correspondente para a súa incorporación ó expediente do que eu Secretaria, Minia Astray Barca, dou fe.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE.